

*Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se desenvolve o Decreto 116/2008, do 8 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos de restauración denominados furanchos en Galicia.*

O Decreto 116/2008, do 8 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos de restauración denominados furanchos en Galicia, establece no seu artigo 3 que todos os furanchos, antes de iniciar a súa tempada de funcionamento e, en todo caso, unha vez ao ano, acreditarán ter feito a preceptiva declaración de produción anual ao órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura, así como ter concedida a autorización do concello para o período de apertura pretendido.

Non obstante, o Decreto 116/2008 non limita a tempada de funcionamento, polo que, tendo en con-

ta que a propia natureza dos furanchos é a de subministrar o viño excedente elaborado a partir dos seus propios viñedos e destinado exclusivamente ao autoconsumo, estes establecementos non se poden manter abertos máis tempo do que permita a propia colleita.

Por iso, conforme ás competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia nas materias de promoción e ordenación do turismo e sobre declaración de existencias, colleita de uva e produción do sector vitivinícola, e no uso das competencias atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente e polo Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, Decreto 111/1984, do 25 de maio, modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Tempada de funcionamento.*

Establécese con carácter xeral o comezo da tempada anual de funcionamento dos furanchos o 1 de decembro e o seu remate o 30 de xuño.

#### Artigo 2º.-*Elección do período de apertura.*

1. O período de apertura dos furanchos non poderá ser superior aos tres meses e, en todo caso, estará comprendido na tempada de funcionamento establecida no artigo anterior.

2. Os/as titulares dos furanchos farán constar na solicitude o período de funcionamento pretendido e deberán achegar informe favorable do concello correspondente.

#### Artigo 3º.-*Cambios do período de apertura.*

1. No suposto de que o/a titular do furancho queira modificar o período de apertura autorizado, deberá obter a autorización previa do centro directivo correspondente da consellería competente en materia de turismo.

2. Para estes efectos, o interesado deberá achegar, xunto coa solicitude, informe favorable do dito cambio emitido polo concello, así como o xustificante do pagamento das taxas correspondentes.

3. Para a tramitación do correspondente expediente de autorización turística observarase ao establecido polos puntos 2º e 3º dos artigos 4 e 6 do Decreto 116/2008, do 8 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos de restauración denominados furanchos en Galicia.

#### Artigo 4º.-*Peche anticipado.*

O esgotamento ou falta da colleita de viño nun ano será causa xustificada para o peche polo cal non se aplicará como motivo para a tramitación da baixa de

oficio prevista no artigo 7.º do Decreto 116/2008, do 8 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos de restauración denominados furanchos en Galicia. Non obstante, o/a titular estará obrigado a comunicar tal circunstancia á delegación provincial correspondente da consellería competente en materia de turismo, para a correspondente anotación rexistral do peche temporal.

### *Disposición derradeira*

Entrada en vigor.-Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación  
e Industria

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio  
Rural